CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Comprender a realidade económica actual.	PE	25
CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios.	TI	75
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.		
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais.		
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda.		
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual.		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades. - A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital.

Contidos

- O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.
- Teorías sobre o decrecemento económico.
- Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Metodoloxía.

Na clase desenvolverase a seguinte gama de dinámicas, segundo sexa o momento da aprendizaxe:

Método expositivo para transmitir os saberes básicos do temario e activar o proceso cognitivo no estudante. Aínda sendo un método expositivo, o ambiente será participativo, xurdindo preguntas por parte de alumnos e procurando unha relación recíproca, flexible e amena.

Unha vez transmitidos os contidos básicos será o alumno/a quen deba afianzalos e facelos significativos, logrando entender e relacionar plenamente os conceptos. Para isto, o mellor será un método de estudo de casos analizando casos/problemas reais ou simulados. Partindo das ideas previamente transmitidas polo profesor e o material de apoio, o alumnado debe ser capaz de aplicalo a casos cada vez máis complexos. Isto desenvolverase, primeiramente, de forma individual para obrigar ao alumno a repasar contidos e fomentar o seu estudo. Pode ser na aula ou na casa, en función do desenvolvemento e tempo das clases.

Seguidamente, empregaremos unha metodoloxía colaborativa, organizando a clase en grupos de 3 ou 4 persoas de perfíles diferentes co obxectivo de que se axuden entre eles, afiancen coñecementos, poñan en común ideas e puntos de vista diferentes, etc.

Ao mesmo tempo o profesor estará dispoñible para calquera dúbida que xurda e acabará cedendo a palabra a un dos grupos que teña a solución adecuada. Este traballo está contemplado na nota de cada estudante.

Estes grupos poderán adicarse á resolución de exercicios simples, á realización de investigacións sinxelas, comentarios de texto e outras actividades relacionadas coa materia.

Concrecións metodolóxicas.

O modelo pedagóxico baixo o cal nos basearemos á hora de explicar a materia será ou constructivismo, onde o alumno é unha construción de coñecementos baseado no día a día. Para iso é necesario que se practique unha aprendizaxe significativa, isto é, que relacione os conceptos presentes cos pasados, dándolles sentido propio. Así pois, establécense as seguintes concrecións metodolóxicas conducentes a tal fin:

1. A aprendizaxe deberá basearse nos contidos teóricos aplicados á práctica, á realidade económica e a exemplos concretos. Será necesario a atención e seguimento para poder formar unha aprendizaxe significativa, para o que as actividades terán esta finalidade.
2. A interacción entre profesor-alumno e alumno-alumno tamén será determinante no proceso de aprendizaxe. Traballarán de xeito individual e colaborativo.
3. A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.
4. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.
5. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas.
6. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
7. A metodoloxía que se utiliza no bacharelato debe favorecer o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.
8. A materia tratará de motivar ao estudante, buscando a parte cotiá da economía e propoñendo exemplos achegados á realidade do alumno, será un dos obxectivos principais do profesor no transcurso do curso.
9. Ademais esta materia tamén se utilizará, dadas as súas características de actualidade, para promover o debate de

áreas que se poden considerar como transversais, deste modo favorecerase unha educación para á paz, a igualdade entre sexos, relixións, culturas, etc; a tolerancia, ó respecto a outras culturas, valores democráticos, protección do medio ambiente, etc.

10. A metodoloxía busca que os rapaces e rapazas traballen pouco a pouco diariamente, que non deixen todo para o día do exame e tamén failles saber que este non é dabondo para aprobar posto que os criterios de cualificación así o reflicten.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
- Libro de Luis Martínez Sierra; Editorial "Compartiendo conocimiento".
- Aula virtual da materia.
-Diapositivas de cada tema con proxector para mostralas na clase.
- Casos prácticos e boletíns de exercicios repartidos polo docente.
- Carpeta de anellas con fundas plásticas para separar os apuntamentos de cada unidade.
- Material de clase complementario (pizarra, tizas, bolígrafos...)
- Ferramentas informáticas como o ordenador de aula e cando se precise, ordenador para todos traballar.
- Xornais de actualidade

A aula virtual da materia pode ser unha ferramenta para propoñer actividades, debates, contidos e fontes de información, etc.

Ferramentas informáticas: para a realización de actividades utilizaremos ordenadores, traballando basicamente con aplicacións ofimáticas e de búsqueda de información.

Xornais especializados en información económica. En moitos casos a información dos xornais en papel é máis extensa que a información online, sobre todo no tocante a presentación de resultados, táboas, números e representacións gráficas en xeral.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial farase nas dúas primeiras sesións, logo da presentación da materia. A primeira actividade consiste na realización dun test que me permita comprobar o grado de dominio de vocabulario fundamentalmente, e tamén de conceptos básicos como o custe de oportunidade, produtividade ou mercados. A seguinte actividade pretende coñecer o seu nivel competencial en expresión escrita, así como validar a capacidade de traballo en equipo. Consiste nunha lectura con posterior resume e comentario, en grupos.

Os resultados permitirán comprobar o nivel do alumnado e a facilidade ou dificultade que poidan atopar algúns. Os futuros grupos que se vaian a crear tratarei que sexan heteroxéneos e permita que os propios alumnos e alumnas se axuden entre si.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	12	5	5	10	10	10	9	9
Proba escrita	80	80	80	100	100	80	80	100	100	100
Táboa de indicadores	20	20	20	0	0	20	20	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	100
Proba escrita	25	81
Táboa de indicadores	75	19

Criterios de cualificación:

O procedemento de avaliación é a actividade que desenvolverá o alumno, mediante o cal será avaliado. Nesta materia e durante o curso escolar, este realizarase a través de:

Exames: 80%. Constarán dunha ou varias probas escritas (normalmente dúas) durante cada trimestre con preguntas curtas, preguntas de desenvolvemento e exercicios prácticos, en función dos contidos, criterios de avaliación e competencias practicadas. Estas probas gardarán relación cos criterios de avaliación indicados na normativa e distribuindo de forma equitativa a porcentaxe de valoración destes criterios dentro da unidade a avaliar. Así, o mínimo requirido para ter esta parte superada será dominar polo menos a metade dos criterios de avaliación que garden relación coa unidade a avaliar. O valor do resultado destas probas representará o 80% cada trimestre. Tense en conta o seguinte:

o As probas poden ter unha ponderación diferente (dentro do 80% que supoñen) en base ao nº de temas que inclúa o mesmo.

o Para aprobar cada un dos exames o alumno/a ten que obter unha nota igual ou superior a 5 sobre 10 ou 4 sobre 8.

o Non se fará media entre os exames do mesmo trimestre se algún deles conta cunha nota inferior a 3 sobre 10 ou 2,5 sobre 8.

o O feito de copiar durante un exame implicará unha nota de 0 puntos, polo que será imposible a media co resto de exames e, por conseguinte, terá a avaliación suspensa.

o Aplícanse os criterios de corrección abaixo mencionados.

o Se non se pode presentar a un exame necesítase xustificar a falta para repetir o exame. De non facelo a cualificación será de cero puntos. Poderase presentar á proba de recuperación.

Traballo contínuo: 20%. Considérase traballo contínuo as seguintes tarefas, co peso sobre a cualificación que abaixo se indica.

- Actividades diarias encomendadas para facer na casa de apoio ao estudo terán un peso do 5%. De todos os días que se envíen tarefas para facer na casa, o docente comprobará se estas actividades se fixeron. Esta revisión vaise facer 2 ou 3 veces durante cada trimestre, valorando nestas ocasións o grado de traballo do estudante asumindo como representativas do seu seguimento estas 2 ou 3 entregas.

- Noticiero trimestral consistente na aportación dunha noticia resumida de actualidade económica ao foro de

clase (na aula virtual) para logo facer unha valoración oral a modo explicativo na clase vaise valorar co 5% da nota. Na descrición da actividade detállase con exactitude os aspectos que se requiren e os que restan puntuación, entre eles as faltas ortográficas. Este curso contamos coa colaboración do departamento de galego para facer esta revisión ortográfica, que deixará mella na puntuación final da actividade de economía.

- Traballo individual e/ou grupal sobre contidos relacionados e aplicando diferentes competencias aplicables, vaise valorar co 10% da nota do trimestre (1 punto). Cada trimestre terá, polo menos, un traballo para facer individual ou grupalmente. Na medida do posible terase en conta a achega de cada alumno ao traballo grupal. Un dos principais requisitos para valorar a calidade de calquera tipo de traballo será comprobar que existe redacción propia (sen copy-paste) e reflexión persoal, seguimento das pautas formais dun informe e información de calidade. Tamén se valora especialmente a puntualidade pois se non se presenta o traballo en ningunha das sesións acordadas, constará como non presentado, cunha nota de cero puntos.

Os criterios de corrección nas probas escritas son os seguintes:

Reitérase a importancia da corrección da expresión escrita, ademais de cualificar o contido. Neste sentido, valorarase:

- A capacidade de redacción, manifestada mediante a exposición ordenada das ideas, que indique a real comprensión do que se está explicando.
- A habilidade para relacionar ideas, conceptos e contidos do tema, sendo capaz de resumir contido creando valor.
- A ortografía será xulgada na súa totalidade (faltas e signos de puntuación) e será valorada dentro da capacidade de expresión xeral do alumno.

Feitas estas consideracións, establécense as normas seguintes:

- Ante a presenza de faltas de ortografía, deducirase 0,10 puntos por cada unha ata un punto como máximo.
- Non puntuará nada un exercicio mal redactado, mal expresado ou do que non se puidese extraer o verdadeiro entendemento do que se contesta.
- Terán puntuación incompleta aquelas preguntas que requiran de explicación e non se de máis que unhas poucas palabras.
- Aquelas preguntas onde se pida a relación de ideas, só puntuará ata a metade do seu valor cando se fale das devanditas ideas sen entrar na relación das mesmas.

Criterios de recuperación:

Convocatorias de recuperación durante o curso:

A materia ofrece dúas posibilidades de recuperación durante o curso que priorizan a avaliación continua:

- Recuperación da 1ª avaliación no mes seguinte á entrega de notas desta parte.
- Recuperación da 2ª e/ou 3ª avaliación na última semana de maio ou primeira de xuño.

Estes exames tratarán sobre os contidos relacionados coa avaliación a recuperar, de xeito individual, mantendo a porcentaxe do seu peso na avaliación do 80%. A parte da cualificación que ven do traballo continuo non se pode recuperar pois representa o esforzo e seguimento diario que o estudante fixo durante o curso, durante as diferentes avaliacións ordinarias. Para optar á máxima nota terá entón que presentarse á avaliación extraordinaria.

Convocatoria extraordinaria de xuño:

A nota final alcanzada polos alumnos e alumnas estará composta por unha única proba escrita que será un exame que reflicta todos os contidos e criterios de avaliación de todo o curso. O valor para a nota final representará o 100% da nota da convocatoria extraordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A materia de economía de 1º de bacharelato pode quedar pendente (alumnado que promociona a 2º curso sen ter a materia aprobada) ou pode ter que recuperarse con motivo dun cambio de modalidade do bacharelato. Sexa cal fora o caso, a guía para a súa recuperación é a que segue:

O alumnado que pase a 2º curso de bacharelato e teña que recuperar (ou cursar, en caso de que non o fixera en 1º curso por mor de ter cursado por exemplo outra modalidade de bacharelato) a materia de economía de 1º de bacharelato deberá presentarse aos dous exames parciais que se fixarán dende a dirección do centro. Estes dous exames corresponden cada un a unha parte diferente da materia (serían dous parciais) e contarán os dous un 80% da nota de recuperación, sendo o outro 20% resultado da entrega periódica de actividades de seguimento durante todo o curso.

Os dous parciais que se teñen feito deberán ter unha nota mínima de 2 sobre 8 para facer media e esta media deberá ser de 4 sobre 8 para estar aprobada esta parte (condición necesaria pero non suficiente pois nesta situación deberá ter entregado como mínimo a metade das tarefas encomendadas para que sume un 5 na nota de recuperación).

6. Medidas de atención á diversidade

A inicio de curso e logo da avaliación inicial, é o momento de detectar posibles casos que requiran de atención á diversidade. Nese momento valorárase, xunto co departamento de orientación, as medidas máis efectivas segundo o caso que xurda. Para o resto de alumnado sen diagnóstico específico considérase a necesidade de realizar reforzos, que serán diferentes segundo a situación persoal de cada un.

Actividades de reforzo para conseguir os mínimos.

Aqueles alumnos que presenten dificultades serán obxecto de estudo para un mellor rendemento académico. Cada caso requirirá medidas individuais. Para facernos unha idea das liñas xerais das actividades de reforzo, identificamos 2 tipos de perfís (os máis comúns):

* Alumno/a desinteresado. Neste caso o obxectivo das actividades de reforzo consistirán en revisar o traballo diario, que se fixeron as tarefas, que se traballe en clase, que se comunique aos seus pais os resultados obtidos. Trátase de crear algo de presión académica para que non se descolgue do curso e non abandone. Ao mesmo tempo habemos de ser flexibles en conto aos seus intereses, permitíndolle que parte destes traballos sexan elixidos polo/o alumno/a con o obxectivo de que se informe acerca daquela parte da materia que máis lle interesa.

* Alumno/a con dificultades de entendemento. Propóñese vídeos, material complementario, actividades de comprensión lectora ou todo aquilo que que procure que alumno/a chegue a entender os contidos de clase.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Emprendemento social e empresarial				X	X			
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade de xénero								X
ET.6 - Pluralismo político		X	X			X	X	X
ET.7 - A paz, a democracia		X	X			X	X	X
ET.8 - Traballo en equipo	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Liberdade, a xustiza, a igualdade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Emprendemento social e empresarial			
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.5 - Igualdade de xénero			X
ET.6 - Pluralismo político	X	X	X
ET.7 - A paz, a democracia	X	X	X
ET.8 - Traballo en equipo	X	X	X
ET.9 - Liberdade, a xustiza, a igualdade	X	X	X

Observacións:

Na materia de economía os temas transversais teñen que ver cos xuízos de valor que os alumnos posúen sobre cada un dos temas traballados xa que se poden ver dende diferentes perspectivas económicas. Por exemplo os dereitos e deberes dos traballadores, que parten de ópticas distintas segundo poñámonos na posición do empregado ou do empresario.

O obxectivo final de todo proceso educativo, e en concreto da economía, é a formación integral dos alumnos. Trátase de formalos para que sexan cidadáns responsables e críticos, coñecedores da realidade e evitando posturas simplistas na creación de argumentos.

A etapa do Bacharelato conduce ao seu maior grao de madurez persoal e intelectual. Así como se indica na normativa estatal correspondente vanse traballar, sen prexuízo do seu tratamento específico, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade. Tamén se fomentarán de xeito transversal a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sostibilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas sobre concienciación tributaria	Preténdese concienciar sobre a importancia da recadación de impostos para ter garantidos uns servizos públicos de calidade.		X	
Visita ao INE (Instituto Nacional de Estadística).	Para entender a forma de elaborar as estatísticas macroeconómicas que traballamos na clase. No último trimestre			X

Observacións:

Colaboraremos naquelas actividades que vaian xurdindo ao longo do curso e que afecten directa ou indirectamente á nosa materia. Por exemplo charlas sobre algún tema económico como o desemprego.

Así, as actividades programadas dende o inicio de curso (poden ser ampliadas a medida que se realicen propostas por parte dos diferentes organismos e institucións ou mesmo en colaboración con outros departamentos.

Dende hai dous anos temos pendente unha visita ao INE, que vou procurar que nos reciba este ano, aínda que todo depende da súa dispoñibilidade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación de tempos, seguimento dos aspectos legislativos.
Metodoloxía empregada
Conseguíronse os obxectivos (porcentaxe de aprobados superior ao 75%).
Medidas de atención á diversidade
Aplicación medidas NEE, ACIS, ACNEAE, repetidores
Clima de traballo na aula
Avaliación do profesor por parte dos estudantes.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación docente con polo menos un profesor do curso.

Descrición:

O proceso de ensino e práctica docente necesitará ser revisado constantemente. Esta labor vaise facer trimestralmente mediante a análise de resultados (porcentaxe de aprobados e suspensos), coa aportación dos estudantes e familia, así como coas achegas doutros profesores e departamentos (ideas que vaian xurdindo durante o curso académico). Namentres, ao final do curso será necesario un procedemento máis exhaustivo e obxectivo que consistirá en cubrir unha rúbrica que recolla os indicadores de logro especificados neste apartado.

Rúbrica a seguir, que especifica o nivel de logro dos apartados mostrados:

1. Adecuación de tempos, seguimento dos aspectos legislativos.

OPCIÓN:

- A temporalización foi case sempre correcta. Os estándares, obxectivos e contidos combínanse á perfección.
- A temporalización foi en xeral correcta. Os estándares, obxectivos e contidos presentan discrepancias.
- A temporalización non seguiu o ritmo pautado e abandonáronse os aspectos legislativos.

2. Conseguíronse os obxectivos (porcentaxe de aprobados).

OPCIÓN:

- O 90% ou máis dos estudantes conseguírono.
- Entre o 60-90% dos estudantes conseguírono.
- Menos do 60% da clase conseguiu os obxectivos.

3. Coordinación docente co resto de profesores.

OPCIÓN:

- Existiu coordinación docente, intercambiáronse materiais ou actividades de forma xeral.
- Existiu coordinación docente, intercambiáronse materiais ou actividades nalgunha ocasión
- Non existiu coordinación algunha e algúns contidos foron repetidos ou duplicados.

4. Aplicación medidas NEE, ACIS, ACNEAE, repetidores.)

OPCIÓN:

- Implantáronse actividades de detección e seguimento. Aplicáronse as medidas programadas.
- Implantáronse algunhas actividades de detección e seguimento destes casos.
- Non se implantaron actividades de detección e seguimento destes casos.

5. Avaliación do profesor por parte dos estudantes.

OPCIÓN:

- Ofreceuse a enquisa de fin de curso. Os resultados foron satisfactorios e recolléronse medidas de mellora.
- Ofreceuse a enquisa de fin de curso. Os resultados foron pouco satisfactorios pero recolléronse moitos campos de mellora.
- Non se realizou a enquisa de final de curso aos estudantes e non se aprecian áreas de mellora.

6. Observacións e propostas de mellora.

Texto libre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica será a guía para o docente no desenvolvemento da materia. Pero moitas veces a realidade merece especial atención, polo que a programación deberá ser avaliada e revisada cada curso. Buscaranse aqueles aspectos mellorables en función do observado na aula. Ademais anotarase todo aquilo que non se fixo ou que se fixo a maiores para ter en conta no curso seguinte. Algúns indicadores que se terán en conta nesta revisión serán os seguintes:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización prevista.
- Adecuación dos instrumentos de avaliación para alcanzar os obxectivos da materia e de etapa.
- Adecuación do libro de texto.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.

Esta avaliación da programación é necesario realizala xunto coa rúbrica sobre o proceso de ensino e práctica docente para ter información concreta, obxectiva e fiable que permita tomar novas decisións de cara ao inicio do vindeiro curso.

O seguimento será constante, con especial fincapé a final de curso.

9. Outros apartados